



Sr. Director Xeral de Función da Función Pública

Consellería de Facenda

## ALEGACIÓNS COMPLEMENTARIAS Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL.

Dentro dos postos que se manteñen sen modificación na actual RPT aparecen unha serie de postos de xefatura de sección cuxa provisión está prevista dentro do grupo A, incomprensiblemente, xa que o resto das xefaturas de sección están dispoñibles para os subgrupos A1, A2 e C1. Que nestes postos concretos se requira a titulación de licenciatura, agora grao, en Dereito, non ten porque ser un impedimento para que ese para que podan estar abertos aos tres subgrupos indicados. Polo tanto, solicitamos que se modifiquen os postos que se relacionan de seguido:

CÓDIGO DO POSTOS	DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL	PROVISIÓN	SUBGR.	CORPO	ADMÓN	TITULACION	FORMACIÓ
PSC020000215770017	XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA I	25	C	A1	XERAL	AXG	2062	
PSC020000215770018	XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA III	25	C	A1	XERAL	AXG	2062	
PSC020000315770043	XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA	25	C	A1	XERAL	AXG	2062	
PSC020000315770046	XEFATURA SECCIÓN DE RECLAMACIÓNS E RECURSOS	25	C	A1	XERAL	AXG	2062	
PSC991000036560163	XEFATURA SECCIÓN DE ASISTENCIA ADMINISTRATIVA	25	C	A1	XERAL	AXG	2062	
PSC991000036560173	XEFATURA SECCIÓN CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	25	C	A1-A2	XERAL	AXG		501

CSI•F U.A de Galicia: Modificación da RPT da Consellería de Política Social.

**Postos de funcionarios abertos a outras Administracións:**

Figuran un total de 97 postos abertos a funcionarios doutras Administracións Públicas, o que supón un 12.09 % do total, porcentaxe totalmente excesiva.

Por elo, sen prexuízo de manifestarnos en contra das aperturas de postos a outras Administracións Públicas en tanto non se asinen os respectivos convenios de reciprocidade, faise preciso que se incorpore ao expediente unha Certificación expedida pola Dirección Xeral de Función Pública ou o órgano que corresponda que acredite que non se supera a porcentaxe do 7 por cento do total de postos de funcionarios da Administración Pública galega.

En calquera caso, considerase abusivo o número de postos abertos nesta RPT a funcionarios doutras Administracións, polo que solicitamos a súa drástica redución.

**Agravios retributivos en postos coas mesmas funcións.**

Os postos de Administrador/a do Centro de atención a persoas con discapacidade de Sarria (código de posto PSC994090127560004) e do Centro de atención a persoas con discapacidades de Redondela, (código de posto PSC994090136440004) con nivel 22 de Complemento Específico deben ser equiparados cos seus homólogos do Centro de atención a persoas con discapacidade da Coruña ou da Residencia asistida de maiores de Volta do Castro de Santiago de Compostela, xa que realizan as mesmas funcións, contan cunha estrutura organizativa idéntica e un número equiparable de residentes. Polo tanto, requirimos que os ditos postos sexan reclasificados ao nivel 24.

Así mesmo, no caso do posto de Administrador/a do CAP de Sarria se incremente o seu complemento específico en orde a incluír a dispoñibilidade horaria que efectivamente ten o titular do dito posto e que tampouco está actualmente retribuída.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

